



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Bases didácticas da intervención logopédica		Código	652G04008
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	García Cabeza, Belen	Correo electrónico	belen.garcia.cabeza@udc.es	
Profesorado	García Cabeza, Belen	Correo electrónico	belen.garcia.cabeza@udc.es	
Web				
Descripción xeral	<p>Esta materia pretende o desenvolvemento de capacidades que permitan ao alumnado configurar un marco integrador e interrelacional da intervención logopédica no ámbito do sistema educativo, a través da adquisición de coñecementos epistemolóxico da pedagogía e a didáctica que sustenta a intervención educativa, así como do desenvolvemento de prácticas baseadas no uso de recursos didácticos para construír una intervención logopédica informada e comprometida coa optimización do acceso á aprendizaxe a favor da inclusión da diversidade que caracteriza o contexto educativo.</p> <p>Ao mesmo tempo queremos afondar na importancia do traballo colaborativo interprofesional, no que participan profesionais e axentes que desenvolven o seu quefacer dentro e/ou fóra da escola. Teñamos en conta que a complexidade de moitos dos problemas que presenta o alumnado arráiganse ou enrédanse nunha causística múltiple que esixe unha intervención globalizada, na que teñen que participar distintos profesionais, que deben traballar en cooperación para dar maior cobertura ás necesidades reais, que incluso chegando o traballo non so ó alumnado senón tamén á familia, sen solaparse, empregando metodoloxías que non sexan contraditorias entre si, evitando deste xeito distorsións na propia percepción do alumnado e favorecendo unha aprendizaxe significativa e útil na súa vida cotiá.</p> <p>Os principais temas e núcleos de coñecemento que se abordarán están orientados ao estudo e análise da escola, da cultura e da sociedade; dos indicadores educativos para atender á diversidade na aula; de propostas didácticas na intervención logopédica e proxectos de traballo orientados á intervención educativa nas necesidades específicas de apoio educativo.</p>			

Competencias da titulación		
Código	Competencias da titulación	

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
Comprender o carácter interrelacional da intervención logopédica no marco do sistema educativo segundo a súa estrutura e funcionamento.		A16 A25 A29	B15 C4
Coñecer e manexar críticamente as principais cuestiós pedagógicas e recursos didácticos que permitan desenvolver unha intervención logopédica informada dende unha perspectiva educativa holística e ecolóxica, comprometida coa optimización do acceso á aprendizaxe e do potencial comunicativo de todos e cada unha dos destinatarios da súa labor.		A4 A22 A23 A28	B1 C3 B4 C6 B7 B9 B12
Adquirir unha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade educativa en conexión cos obxectivos socio-educativos propostos.		A4	B1 B3
Comprender e reflexionar sobre a importancia da inclusión da diversidade que caracteriza as aulas educativas.		A4 A16	B3
Asumir a importancia dunha profesionalidade adecuada ó ámbito logopédico no contexto escolar, valorando a importancia da investigación como ferramenta imprescindible para o coñecemento.		A29 A30 B14	B3 C7 B11



Apreciar as implicacións do desenvolvemento logopédico a nivel individual e colectivo das personas con necesidades específicas de apoio educativo.	A29	B3	
		B22	
		B23	
		B24	

Contidos	
Temas	Subtemas
MÓDULO I. Escola, cultura e sociedade.	<ul style="list-style-type: none"><li>1.1. Ensinanza obligatoria: perspectivas educativa e social.</li><li>1.2. Interrelacións entre sociedade, cultura e escolarización.</li><li>1.3. Propostas actuais da relación educativa entre cultura e interculturalidade.</li><li>1.4. A escola como camiño de igualdade e inclusión social.</li><li>1.5. Diversidade socio-cultural e propuestas educativas.</li><li>1.6. Estrutura e desenvolvemento da escola como organización.</li><li>1.7. Outras institucións e profesionais que colaboran coa escola.</li></ul>
MÓDULO II. Indicadores educativos para atender á diversidade na aula.	<ul style="list-style-type: none"><li>2.1. Modelos educativos de aula facilitadores da diversidade.</li><li>2.2. O traballo cooperativo como paradigma de integración.</li><li>2.3. A xestión eficaz da aula en contextos de inclusión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.</li><li>2.4. Plans de traballo personalizados e integrados.</li></ul>
MÓDULO III. Propostas didácticas na intervención logopédica.	<ul style="list-style-type: none"><li>3.1. Ámbitos de actuación dos profesionais da logopedia no sistema educativo.</li><li>3.2. O traballo colaborativo dos equipos interprofesionais como elementos esenciais para a busca de respostas integrais ás demandas alumnado con NEAE e das súas familias.</li><li>3.3. A repercusión das decisións tomadas nos diferentes niveis de concreción na práctica logopédica na escola. O traballo coordinado entre os profesionais da logopedia e da audición e linguaxe.</li><li>3.4. Os diferentes compoñentes del currículum e función das adaptacións curriculares no ámbito logopédico.</li><li>3.5. Tipos de medidas de atención ás necesidades logopédicas.</li><li>3.6. Procesos evaluativos das alternativas didáctico-logopédicas.</li></ul>
MÓDULO IV. Proxectos de traballo en torno ás necesidades específicas de apoio educativo.	<ul style="list-style-type: none"><li>4.1. Exemplos de proxectos educativos na intervención educativa.</li><li>4.2. Elaboración de propostas educativas con atención específica ás necesidades educativas específicas do alumnado.</li><li>4.3. A conceptualización da calidade educativa nas propostas de intervención.</li></ul>

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	21	28	49
Discusión dirixida	10	21	31
Traballos tutelados	10	40	50
Proba mixta	2	16	18
Atención personalizada	2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción



Sesión maxistral	<p>Na actividade de sesión maxistral traballaranse os contidos que conforman o marco teórico mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construcción do coñecemento.</p> <p>Realizarase unha exposición xeral introdutoria de cada un dos distintos temas de que consta o programa, indicando os aspectos que o alumnado debe ampliar co seu traballo persoal, coas oportunas orientacións bibliográficas.</p>
Discusión dirixida	Mediante esta metodoloxía abordaranse diversos temas orientados a que o alumnado reflexione sobre a importancia da atención á diversidade e da inclusión, atendendo aos múltiples factores que inciden no desenvolvemento da intervención educativa, co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade educativa.
Traballos tutelados	<p>Ao longo do cuatrimestre proporase un ou varios traballos en torno ao contido do temario que deberán fundamentarse coa bibliografía básica e complementaria da guía e con outra seleccionada polo profesorado e/ou polo estudiantado.</p> <p>A súa realización iniciarase na aula e completarase mediante o traballo autónomo do alumnado, atendendo ás indicacións proporcionadas a través da atención personalizada do profesorado.</p> <p>A través da exposición na aula, compartiranse os traballos realizados.</p>
Proba mixta	A proba mixta constituirá unha actividade final da materia con carácter avaliativo a través da que o alumnado deberá dar resposta a varias cuestións facendo un tratamiento global e integrado dos coñecementos adquiridos, de acordo co conxunto de contidos abordados mediante as diferentes metodoloxías de traballo empregadas no desenvolvemento da materia.

#### Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados	<p>Traballos tutelados: a atención personalizada que se describe en relación a estas metodoloxías concíbese como momentos de traballo presencial co profesorado da materia.</p> <p>A forma e o momento en que se desenvolverá indicarase en relación a cada actividad ao longo do curso segundo o plan de traballo da materia.</p>

#### Avaliación

Metodoloxías	Descripción	Cualificación
Traballos tutelados	<p>Para avaliar os traballos teranse en conta os seguintes aspectos:</p> <p><b>ELABORACIÓN:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Estrutura: presentación, organización do contido, claridade expositiva e corrección gramatical.</li><li>- Contido: Comprensión de ideas básicas, dominio conceptual, uso das fontes traballadas no tratamento dos contidos ao longo do cuatrimestre e relacións entre eles.</li></ul> <p><b>EXPOSICIÓN:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Relevancia e organización dos contidos expostos.</li><li>- Coordinación da exposición (que reflecta un traballo colaborativo, non unha suma de partes).</li><li>- Nivel de comprensión dos contidos básicos.</li><li>- Claridade expositiva.</li></ul>	40
Proba mixta	A proba mixta consistirá en dar resposta a varias cuestións que implicarán un tratamiento global e integrado dos contidos abordados ao longo da materia.	60

#### Observacións avaliación



## Opción A.

Para o alumnado que asiste/participa nas actividades de clase (asistencia mínima do 80%):

- a) Elaboración e presentación dos traballos de pequeno grupo (40%).
- b) Un exame escrito sobre os contidos da materia (60%).

## Opción B.

Para o alumnado que non asiste/participa nas actividades de clase (asistencia inferior ao 80%):

- a) Elaboración e presentación individual dos traballos (40%).
- b) Un exame escrito sobre os contidos da materia (60%).

&nbsp;

## Observacións:

- Para superar a materia é necesario&nbsp;obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de&nbsp;avaliación (traballos tutelados e proba mixta).

-&nbsp;O traballo tutelado entregarase e expoñerase na data que se indique. Para presentarse ao exame é condición indispensable ter presentado o traballo.

## Fontes de información

Bibliografía básica	
---------------------	--

Bibliografía complementaria	
-----------------------------	--

## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

## Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías